

DO MEDO Á VINGANZA: CONTRA A ORGANIZACIÓN OBREIRA

A organización da clase obreira coruñesa foi quen de paralizar totalmente a vida da cidade da noite á mañá. Por iso, o temor dos burgueses e do estado non quedaría só na brutal violencia o día anterior.

De seguido comezaron as detencións, con nove folguistas detidos no mesmo sábado, entre eles Vicente Fernández, que algunha fonte sinala como “presidente de los gremios”. Os detidos eran levados ao Castelo de San Antón (daquela aínda unha illa na entrada do porto), Sen embargo, os presidentes das Sociedades obreiras conseguen celebrar unha xuntanza e acordaron a edición dunha “hoja suelta” coa narración dos feitos (“haciendo la historia de los sucesos”, celebrar una gran manifestación obreira, tanto na cidade como en Madrid, enviando previamente unha comisión á capital do Estado para acordar a súa celebración alá coas sociedades obreiras madrileñas. Ambas finalizarían en cadanseu mitin, que se agardaba que fosen multitudinarios. Ademais, acordaron telegrafar ao Goberno para esixir a destitución do Gobernador Civil.

Tamén na capital do Estado continúa a planificación da vinganza, con reunións do Ministro de Gobernación, Moret, co presidente Sagasta e do Ministro da Guerra, Weyler, coa Raiña anunciando medidas enérxicas que pensaban levar á reunión do Consello de Ministros que tería que ter lugar o luns seguinte pero que se adiantará á tarde-noite do mesmo sábado. No despacho do presidente coa Raiña, dálle conta dos “sangrientos sucesos desarrollados ayer en la Coruña” pero xustificando o brutal uso da forza na “actitud agresiva de los alboradores”.

O ministro Weiler transmitiu a Lachambre ordes para non deixar sen castigo “ni la menor falta cometida por los huelguistas y que aplique con todo rigor las disposiciones del código militar”, e ofrecendo as forzas que precise para iso, incluídos tres batallóns de infantería.

Coas tropas aínda patrullando polas rúas, o domingo 2 de xuño as Sociedades Obreiras fan un manifesto que comeza así: “Movidos por un sentimiento unánime hemos hecho una huelga general. Todos cumplimos como buenos”. Ante a promulgación da Lei marcial, para evitar mais derramamento de sangue e para lograr a liberdade dos “compañeros presos”, chaman a volver ao traballo dende o día seguinte, o luns 3 de xuño.

Segundo algún medio, desistiron da publicación anunciada dos feitos por mor da censura militar en estado de guerra e acordaron tamén telegrafar ao ministro de Gobernación pedin-

Boletín editado pola Federación Local Obreira da CGT da Coruña. Maio-Xuño de 2023



do a destitución do gobernador civil, e reunirse co capitán xeral para pedir a liberdade dos detidos e o levantamento do estado de sitio. Este aceptou liberar o antes posible aos presidentes das sociedades obreiras, a excepción do presidente de Oficios Varios pero negouse á liberación do resto de detidos, alegando que estaban sometidos a xurisdición militar, pero que os inocentes de “agresiones a la fuerza armada” pronto serían liberados.

Esta negativa fixo temer a reanudación do paro pero continúan as detencións de traballadores e traballadoras, así como o peche “de orden de la autoridad militar” das sedes sindicais.

O luns se produce o regreso ao traballo, agás as folgas parciais que xa estaban en marcha. Volver a publicarse os xornais locais aínda que sometidos á censurado estado de guerra: “la prensa de aquella capital refiere los sucesos absteniéndose de hacer comentarios”

A meirande parte dos medios falan de regreso á normalidade e as notas oficiais falan de que “reina completa tranquilidad”, pero a realidade era que algúns dos feridos falecían nos hospitais a consecuencia das graves feridas e os seus corpos eran conducidos ao cemiterio “con gran acompañamiento”. Mentres continuaban as patrullas a cabalo, tanto militares como da Garda civil, que ocupaban tamén puntos estratéxicos.

As detencións de obreiros e obreiras continuaban, incluíndo a totalidade da “Junta Directiva” da Sociedade de Oficios Varios e moitos folguistas, que ateigaban o Castelo de San Antón e outras prisións militares. As sedes sindicais son clausuradas e un dos xuíces militares; Leopolo Martínez, solicita os regulamentos das sociedades obreiras ao gobernador para incoarlles expedientes.

A solidariedade obreira trata de dar resposta á vinganza con apoio mútuo: mesas petitorias son instaladas en todas fontes, cubertas con panos negros, co obxectivo de recadar achegas para socorrer á viúva e aos orfos do augador Antonio Bruno. Co Centro Obreiro clausurado, a policía retiraba carteis pegados de madrugada polas rúas facendo alusión aos feitos sucedidos e as folgas parciais continuaban a pesar da represión tan forte contra as organizacións obreiras.

Durante meses continuou a represión contra o movemento obreiro coruñés, con mais dun cento de detidos en xullo, e a resposta de solidariedade que se estendeu, pero iso xa será obxecto doutro boletín xunto coa historia do monolito levantado por suscripción popular a iniciativa das Sociedades Obreiras, no Cemiterio de Santo Amaro.

La Campaña

semanario anarcosindicalista - información y debate anarquista
Edita: Sindicato Único de Trabajadores Solidaridad Obrera de Pontevedra de la CGT

VII Época - Número 39 Pontevedra, a día 3 de Junio de 2024 / Monográfico núm. 2. Folga 1.901



A FOLGA DE EMPREGADOS DE CONSUMOS

Os “consumeiros” eran os empregados encargados do cobro do imposto municipal que gravaba a entrada na cidade dos bens de primeira necesidade (“las cosas de comer, de beber y de arder”). O cobro deste imposto estaba arrendado polo concello coruñés a un empresario madrileño.

O mércores 29 de maio de 1901, os “consumeiros” dirixiron ao administrador do arrendo, unha comunicación na que se lle daba ata as cinco da tarde dese día para dar resposta definitiva ás súas demandas de mellora dun real no salario e mailo seu compromiso de non continuar coa contratación de empregados traídos de Andalucía.

Os dependentes de consumos: aforadores, matronas e “volandeiros” (os que prestaban o servizo volante, fora dos felatos) entendían que a empresa concesionaria dispoñía de empregados ao seu servizo suficientes e que a chegada dos traballadores andaluces só tiña por obxecto a súa substitución por estes, como represalia por unha folga anterior onde tiñan conseguido o aumento salarial esixido.

O administrador respondeu ás solicitudes dos obreiros, pedíndolles que agardaran á resposta do arrendatario, recomendándolles que esperasen e mantivesen a actividade nos seus postos, ameazando de que, en caso contrario, serían substituídos polo novo persoal, que xa se encargaría entón da vixilancia do imposto.

Os “consumeiros” reuníronse de xeito urxente para debater qué resposta dar á carta e nomearon unha comisión para manter unha xuntanza co administrador do arrendo. Este, malia recibir aos comisionados, oíndo que insistían nas súas demandas, no deu máis resposta que repetir verbalmente o mesmo que xa dixera por escrito anteriormente.

Ante esta situación, declárase a folga dos “consumeiros” para o día seguinte 30 de maio de 1901. Os vixiantes abandonaron os seus postos e reuníronse nunha asemblea na que acordaron persistir na folga e non volver ao traballo ata conquistar as súas demandas. Os traballadores chamados á folga eran aproximadamente 140. Constituiron comisións de folguistas que percorreron diferentes puntos da contornada cidade, mentres a Garda Civil cubría os postos do extrarradio da cidade e a garda municipal vixiaba os felatos.

As autoridades pretendían así evitar a acción de “matuteros” e que se produciran enfrontamentos dos traballadores en folga cos esquiroleiros traídos pola empresa. De feito, parece que na zona de Trapallos (no final da actual rúa



de Juan Flórez) ese mesmo día se produce un enfrontamento entre “matuteros” e o tenente visitador (mando intermedio da empresa arrendataria) cun tiroteo que só finalizou coa chegada da Garda Civil e a fuxida dos “matuteros” deixando abandonada as mercadorías. Noutros fielatos tamén tiveron lugar decomisos de bens como alcohol e carne.

A folga foi seguida masivamente polos empregados de consumos. Os folguistas percorrían en grupos a cidade para impedir que se rachara coa folga. Os grupos de folguistas estaban compostos polos seus equipos de traballo habituais nos postos de vixilancia (catro grupos mandados polos seus cabos). Así, percorreron os fielatos e os postos de control habituais con certa normalidade durante a mañá do día 30 de maio, sen que se rexistraran incidentes. Deste xeito, algúns traballadores que non se uniran aínda á folga, abandonaron tamén os seus postos

Por acordo entre o alcalde, José Martínez Fontenla, e mailo gobernador civil, García Valdés, logo dunha xuntanza celebrada ese mesmo día, os fielatos pasaron a ser custodiados pola Garda Civil, a Policía e algúns membros do corpo de Carabineiros, todos eles enviados a actuar como esquiros. Esta decisión motivou un endurecemento da actitude dos folguistas.

Pola tarde dese mesmo día, os folguistas ateigaban a sede da Sociedade de Oficios Varios na rúa de Cordelería (outras fontes sitúan o local na Rúa Alta). Os 140 traballadores en folga participaron na xuntanza. Ante as novas da chegada de novos esquiros á cidade, decidiron saír ao seu encontro. Logo de deixar as armas na casa sindical (os “consumeiros” ían armados de revólver e bastóns ou garrotes), dirixíronse polo novo recheo das Hortas de Garás (hoxe, a avenida de Linares Rivas) ata a Praza da Palloza, onde se atopaba unha das factorías máis importantes da cidade, a Fábrica de Tabacos. Pasaron polo fielato de Catro Camiños, custodiado pola Garda Civil, sen que se producira incidente algún. De seguido, encamiñáronse en dirección á Estación do Norte da Coruña (localizada na Cubela, preto de onde hoxe atopamos a Estación de Autobuses), para logo dirixirse ao fielato da rúa Cabaleiros. Alí, unha sección da Garda Civil con sete gardas, tres parellas de infantaría ao mando dun sarxento, Balbino Varela, custodiaba o posto onde se dicía que se

tiñan refuxiado os traballadores esquiros traídos de Andalucía pola empresa.

Concentrados no patio da estación, aos folguistas se lles foron unindo grupos de traballadores e traballadoras doutros oficios e sectores, curiosos, ... unha pequena multitude de homes, mulleres e mesmo nenos e nenas que pacificamente subiron polas escaleiras que conducían á rúa de Cabaleiros e concentráronse ante o fielato. Un grupo de “misteiras”, traballadoras da fábrica de mistos de Zarragüeta, que tiñan recibido a solidariedade das sociedades obreiras durante a súa folga un tempo antes, uníronse ao cortello de folguistas ao grito “Viva a unión!” e increparon aos gardas cuns gritos aos que pronto se uniron os nenos e nenas, e logo o resto do piquete.

Con tres gardas civís a cabalo, parados no centro da estrada, o grupo detivo a súa marcha e foron chamados á disolución do piquete. Ante esta actitude da Garda Civil, impedíndolles o paso malia ir en actitude pacífica, os folguistas pasaron das palabras aos feitos, co lanzamento dalgúñas pedras sobre os gardas, que parece que alcanzaron a ferir levemente na man esquerda ao garda Andrés Mosquera. Daquela, o Sarxento deu orde aos gardas de botar os fusiles á cara e abrir fogo. Como o grupo de manifestantes estaba tan preto deles, os disparos foron a “boca de jarro” (sic) e cando moitos xa estaban de costas para tratar de fuxir dos balazos. Os obreiros e obreiras dispérsanse, principalmente cara a zona de Monelos, quedando tirado na calzada o corpo de Mauro Sánchez Vázquez, un dos empregados de consumos en folga, así como varios feridos, entre 9 e 14 segundo as diferentes novas, entre eles unha nena de apenas tres anos de idade. Os feridos foron auxiliados máis tarde polos transeúntes. Do estado dos feridos, as novas relatan a gravidade de dous homes, un deles ao que se lle terá que amputar un brazo.

Ao cabo dun tempo, o xulgado ordenou levantar o cadáver de Mauro Sánchez Vázquez, que ficou deitado no chan fronte ao número 42 da rúa de Cabaleiros. Mauro Sánchez tiña 24 anos, estaba casado e tiña cinco fillos de corta idade. Vivía na rúa da Torre. A causa da morte foi un disparo de fusil máuser da Garda Civil que destrizou o seu pómulo.



ral” chamada Elisa que vivía cunha irmá de Francisco na rúa da Amargura, na Cidade Vella. Francisco vivía en Riazor aínda que era natural de San Tirso de Mabegondo (Abegondo).

Na galería do Hotel Francia, que estaba situado no Ensanche coruñés entre as actuais rúas de Juana de Vega e Alameda, tres traballadoras foron feridas por disparos. Eran Francisca Rodríguez, ferida nun brazo, e Benita García Torres e Manuela González Seijo, ambas con balazos no ventre que provocaron importantes danos internos.

Malia ser levadas ao Hospital aínda con vida, ambas finaron por causa das feridas. Benita García tiña 20 anos, era solteira e traballaba servindo no Hotel de Francia, e finou no Hospital o sábado 1 de xuño. Manuela González tiña 22 anos, era solteira e natural de Sobrado (Lugo) e finou no Hospital na mañá do domingo 2 de xuño.

As cargas aínda continuaban estendéndose polas rúas entre San Andrés e Orzán. Nesa mesma rúa, un dos gardas perdeu o sable na carga e cando tratou de descabalgar para recollelo, foi apedreado polos obreiros que quedaron co sable, racharon a súa folla e levaron a empuñadura a un dos locais sindicais da zona.

En Santo Andrés, na casa número 66 (noutros medios localizan a casa no nº56), Encarnación Alonso (nalgúñas crónicas aparece como Encarnación Losada), esposa do industrial Eduardo Amado que dispoñía dunha “hojalatería” no barrio (para outros medios era lampista), foi ferida no peito por unha bala de máuser que entrou pola fiestras, rachando o cristal e provocándolle unha ferida moi grave, que foi atendida por dous médicos no mesmo domicilio.

Tamén na rúa de Santo Andrés perdeu a vida Josefa Corral, era viúva de Benito Gantes. Tiña 42 ou 44 anos (dependendo da fonte) e tiña catro fillos, o maior deles de 18 anos. Cando estaba na galería da súa vivenda no terceiro



piso do número 9 desa rúa, unha bala de máuser rompeu o cristal e feriuna mortalmente no cranio. Tendida no chán, foi logo atopada pola súa criada, Antonia Miramontes, e atendida sen éxito polo seu veciño o coñecido fotógrafo José Sellier e outros veciños. Finalmente un médico certificou a súa morte pouco antes da chegada dos seus fillos cos que vivía. Outro dos finados, parece ser que un empregado de consumos en folga, Francisco Herrera (ou Herrero, segundo a fonte), vítimas das cargas e os disparos.

Os feridos máis graves acabaron por poder ser trasladados ao Hospital pero con mal pronóstico pois os médicos dubidaban de que “se salvaran muy pocos de los que han recibido balazos”. Ademais, as cargas e os disparos deixan moitos feridos leves, a meirande parte con lesións nas pernas ao tratar de fuxir. De moitos deses feridos, nada se sabe por seren atendidos nos seus domicilios.

Pola banda das forzas militares e de Garda Civil só poden contarse tres feridos:

- Francisco Sapiano, gardia, por terlle rozado unha bala no ombreiro
- Manuel Crespo, sarxento, lesionado por algunha pedrada

- O capitán de Carabineros, Sr. Alba, ferido de pouca consideración por un disparo accidental dun corneta da Garda Civil. O proxectil bateu no chan e dividiuse en dous fragmentos: un feriu ao capitán e outro matou a unha mula de tiro da Ferrocarrilana

Ata as 8 ou 9 da noite non finalizaron as cargas pero as forzas militares, policiais e de Garda Civil continuaron a patrullar polas rúas escenario da traxedia, protexendo edificios públicos e infraestruturas como a fábrica de alumado público.

Moitos dos xornais coinciden nas súas crónicas en sinalar o “aspecto tristísimo” das rúas, con charcos de sangue e con restos humanos nas fachadas das casas.



Jacobo García tratou de buscar refuxio no Centro Obreiro (na rúa Alta). Cando xa tiña pechado a porta do local sindical, a Garda Civil abriu fogo e os disparos atravesaron a porta, quitándolle a vida cando se dirixía ao interior. A bala entrou no seu cranio pola parte posterior e o seu sangue derramouse polo portal ata a rúa, baixo a porta esnaquizada. Jacobo García era zapateiro, pero tiña traballado por moito tempo na hostalería, tanto como camareiro en diferentes buques como facendo de “mozo de ambigú” nos bailes públicos, polo que era ben coñecido. Vivía na estrada da Estación, no número 102 o 162, segundo a fonte. Estaba casado con Emilia Pereira, cigarreira, e non tiñan fillos.

No cruce da rúa Real co calexo do Perete (hoxe, rúa de Álvaro Cebreiros) un balazo atravesou a perna esquerda de Daniel Mariñas, fracturándolle tibia e peroné e provocándolle unha gran hemorraxia. Tendido na rúa, o tiroteo e as cargas a cabalo continuaban ao seu redor sen permitirlle recibir auxilio ata que Ramón, un camareiro do Café Tertulia, recolleuno do chan e levouno ata un portal, axudado por outras persoas, onde foi atendido polos médicos Estrada e Paradela. Ante a importancia das feridas foi levado ao Hospital Civil por catro mozos pero tívolve que ser amputada a perna. Outras fontes sitúan na Fonte de San Andrés este episodio.

Na rúa Real, Antonio María Veiga, que ía a recoller ás súas fillas, recibe un balazo no vente e cae mortalmente ferido. Foi levado á Farmacia Villar onde foi atendido polos doutores Estrada e Fraga para logo ser conducido moribundo ao Hospital nunha cadeira. Malia que algún xornal fala del como “anciano”, Antonio tiña 51 anos, era carpinteiro vivía na rúa de Pastoriza, estaba casado e tiña tres fillos: dúas fillas que traballaban de modistas e que tamén vivían na cidade e un fillo, chamado Fermín, emigrado en América. Antonio finou no Hospital e foi enterrado do día 3 de xuño.

Tamén na rúa Real caeron feridos moitos máis obreiros:

Jacobo Cubiña Rubiosa, mariñeiro do Porto do Son, ferido nun pe, foi atendido na Farmacia Villar desa mesma rúa, polo Dr. Fraga, e logo conducido ao Hospital.

José Fraga, cun balazo no brazo dereito e dun golpe de sable na cara. Podería tratarse do ferido na entrada do “Sporting Club”. Francisco Segade, cun balazo e mais dun golpe de sable na testa.

José Alende Portela, cun balazo na man esquerda Antonio Armiñol, cun balazo no brazo. Nalgunha fonte, se confunden os apelidos co mariñeiro de Porto do Son, Jacobo Cubiña



Claudio García, barbeiro e fillo dun coñecido músico (Pepe V.) cunha bala na perna dereita que destrozou o seu peroné. Foi atendido no interior da Paragüería Coruñesa propiedade do coñecido comercial Charry na Rúa Real para logo ser conducido ao Hospital

Outro dos feridos foi ao augador Antonio Bruno que foi disparado na esquina con Rúa Alta que lle causou unha ferida moi grave no peito. Antonio era natural da Coruña, tiña 30 ou 35 anos (segundo as fontes), estaba casado e vivía na rúa da Perillana. Finou no Hospital na noite do sábado 1 de xuño.

Os feridos eran conducidos ao hospital pola mesma poboación e voluntarios da Cruz Vermella en cadeiras e pariholas improvisadas ou facilitadas polo médico Dr. Fariña ou algunhas do

Concello, ou mesmo en brazos.

Aínda así, as cargas e o tiroteo continuaban, impedindo o traslado ao hospital dos feridos. Algúns dos feridos non foron sequera levados ao Hospital senón que os levaron aos seus domicilios.

Algunhas crónicas falan de disparos efectuados con revólveres Remington como resposta ás cargas e disparos de máuser de militares e Garda Civil, nas rúas da zona entre Santo Andrés e Orzán, onde estaban situadas as sedes sindicais (Rúa Alta, Cordelería, ...). Hai crónicas que relatan que eses disparos de resposta foron realizados dende o local da Sociedade de Tipógrafos, onde un grupo de obreiros tería respondido ás cargas con revólveres e pistolas.

Na rúa Alta, un disparo de máuser acaba coa vida do carpinteiro (ou albanel, segundo outras fontes) Francisco García Lodeiro, coñecido polo alcume de “Carabel”. Foi levado de urxencia ao Hospital pero ingresou xa cadáver. Francisco era solteiro, tiña 34 anos, e tiña unha filla “natu-



Segundo algunhas novas, estaba a xirarse cando recibiu o disparo que rematou coa súa vida. O seu corpo sen vida sería trasladado ao anfiteatro do cemiterio de San Amaro á mañá seguinte.

A FOLGA XERAL

Na reunión acordaron, por unanimidade, adoptar varias medidas de protesta que deran cumprida resposta á bru-



tal agresión: un paro xeral, por espazo de tres días, de toda a actividade económica na cidade en demostración de loito, a celebración ao día seguinte, con motivo do sepelio do obreiro falecido, dunha grande manifestación que remataría nun mitin, e dirixir un telegrama de protesta ao Ministro de Gobernación e á prensa có seguinte texto: “Asociaciones obreras Coruña protestan enérgicamente agresión Guardia Civil pacíficos grupos obreros, obreras, ocasionando muertos heridos. Por Asociación, Cebrián”.

A nova desta convocatoria comezou a facerse circular pola cidade pese a un terrible temporal que mesmo deixou danos materiais durante a noite. Pero no medio dun furacán de choiva, o chamado á folga foi voando polas factorías, os barrios obreiros, as rúas ...

A fin de evitar que ao día seguinte, na xornada de comezo da folga xeral, foran publicados os xornais locais, unha comisión de obreiros dirixiuse na medianoite ás redaccións de La Voz de Galicia, El Noroeste y La Mañana. Todos eles aceptaron as indicacións do paro, probablemente porque igualmente non poderían ter saído do prelo polo paro dos tipógrafos, entre outros gremios.

Na mañá do venres 31 de maio de 1901, a cidade amañeceu, logo do temporal da noite, xa totalmente paralizada pola folga: “Aguadores, carpinteros, canteros, peones, tipógrafos, pintores, boteros del muelle, cargadores de la Aduana, panaderos, herreros, mozos de café, aserradores, fideeros, zapateros, plateros, etc., etc, en fin, toda la clase obrera de la Coruña (...) muchos trabajadores particulares y otros de profesiones diversas”.

O paro foi xeral, suspendéndose os traballos en “fábricas, talleres y obradores”. Ata tal punto foi un paro xeral que mesmo os traballadores andaluces chegados para rachar a folga dos empregados de consumos uníronse á folga e regresaron á súa terra.

As xuntas das Sociedades Obreiras reúnen no local da Sociedade de Oficios Varios, nun ambiente de grande axitación, indignación e protesta. Nalgún medio fálase da xuntanza en termos como “se constituyeron como sesión permanente”.

A fachada do Centro Obrero aparecía enloitada, cuberta de crespóns negros. Os obreiros en folga camiñaban pola rúa con brazaletes negros en sinal de loito e mesmo algún portaba un cartel coa mensaxe “Por las víctimas de ayer: Justicia”

Aínda que algunha quenda de traballo xa tiña entrado na Fábrica de Tabacos na Palloza, ante a chegada dunha comisión de obreiros, as cigarreiras saen da factoría e únense á folga, así como as misteiras e as operarias das factorías de tecidos e teares, que pasaron a engrosar os piquetes polas rúas de Catro Camiños e nos arredores da Estación de Ferrocarril, participando activamente en que o paro fose total. Segundo relata algunha crónica, “las cigarrerías son las que muestran hallarse poseídas de mayor excitación”.

No sector da construción, as obras ficaron paradas; e no comercio e hostalería, o peche foi xeneralizado sexa porque o seu persoal secundaba o paro ou ben pola acción de piquetes de folguistas que percorrían pola mañá as rúas comerciais de San Andrés, rúa Real, Santa Catalina, rúa Nova, ...

O transporte foi totalmente paralizado polo paro obreiro: “paro completo de medios de locomoción, coches, carros, embarcaciones”, e todos os buques fondeados suspenderon as tarefas de carga e descarga.

Logo da súa chegada ao porto, non puido ser desembarcado a equipaxe da pasaxe chegada a bordo do transatlántico “Alfonso XII”, procedente de Cuba, por estar en folga os “boteiros” que de cotío facían esa operación nos peiraos, quedando a bordo de gabarras, onde aínda permanecía ao día seguinte. Tripulación e pasaxe do transatlántico sí que foron desembarcados polos “boteiros”, pero os ocupantes dos vapores procedentes de Ferrol, “Hércules” e “Comercio”, que realizaban a ruta regular entre ambas cidades, non puideron desembarcar dese mesmo xeito. O “Hércules” tivo que ser atracado a porto e o “Comercio” precisou do concurso dunha lancha da Comandancia de Mariña, protexida por Garda



Civil e Carabineiros, sen que puidesen baixar as mercadorías.

No Obelisco, a saída da Ferro-carrilana foi impedida por un grupo de mulleres que ameazaron ao condutor con prenderlle lume ao vehículo se non desenganchaba os cabalos que tiraban del. O coche correo de Santiago non funcionou e o coche que conducía o correo desde a Estación tivo que facelo custodiado.

Os “mandadeiros” e “mandadeiras”, que transportaban mercadorías e vultos, tamén se uniron á Folga e non permitían a circulación con paquetes que superaran as dimensións que permitisen levalos baixo o brazo.

Coas tafonas e fornos da cidade pechados, non había pan. Unha numerosa comisión de obreiros dirixiuse a Vilaboa con obxecto que tampouco dos seus fornos se servira pan á cidade. Os augadores e augadoras da cidade deixaron de conducir auga ás casas burguesas, tendo os seus moradores que ir a procurar a súa auga polos seus propios medios, enchendo para isto “botijos” ou xerras pois non lles era permitido encher sellas. Os augadores e augadoras en folga impedían ás serventes



dos burgueses recoller auga, mesmo producíronse algúns incidentes nas fontes da Mariña, na de Santa Catalina e na da praza de Azcárraga.

A falta de auga afectou ao cárcere situada no Parrote, e os presos foron trasladados en grupos a fontes para procurar auga. Tamén o Asilo e o Hospital sufriron o paro. O presidente da Sociedade de Beneficencia, Sr. Pereira, reuniuse coas directivas das sociedades obreiras e acordaron o acordo de permitir o paso de leite, pan e carne, coa condición de que “ni un sorbo de leite ni un trozo de pan ni de carne habrá de distraerse para nadie y menos para las Hermanas de la Caridad”.

Nos servizos públicos o paro tamén foi moi xeneralizado: os empregados

do Matadoiro municipal negáronse a sacrificar as reses e os servizos funerarios tampouco traballaron, dándose o feito de que tres falecidos non puideron ser sepultados pola folga, entre eles o banqueiro Obanza, empresario orixinario de Ribadeo que fixera fortuna en Cuba e se asentara na Coruña ao seu regreso á Galiza, cun negocio de ferraxería e quincalla, ademais de ser propietario da Banca Obanza.

O MEDO DA BURGUESÍA E DO ESTADO

Coa cidade paralizada nun éxito de organización obreira, comezan a chegar forzas militares e da Garda Civil. Nun dos vapores procedente de Ferrol, chega o tenente Cruz con todos os membros dese corpo ao seu mando xunto a gardas procedentes de San Sadurniño, As Pontes e Cedeira. Ás nove da mañá celébrase unha “Junta de Autoridades” e o Capitán Xeral, que se dirixía a Madrid, regresa inmediatamente á cidade.

Mentres, as directivas das Sociedades Obreiras permanecían reunidos no local da Sociedade de Tipógrafos facendo seguimento das novas de todos os puntos da cidade, cando chegou o inspector Pepín para convocar aos presidentes das Sociedades a unha xuntanza co Gobernador Civil. Acudiron á xuntanza con brazaletes negros. Foron cominados polo Gobernador a depoñer a súa actitude e chamar a unha volta ao traballo, ao que se negaron por ser acordo das súas asembleas.

De seguido, a mediodía, celébrase unha nova Junta de Autoridades onde o Gobernador Civil, Antonio García Valdés amósase impotente para manter a orde coas súas forzas e resigna o mando na autoridade militar superior na praza, o Capitán Xeral da VIII Rexión Militar, o Xeneral Lachambre. A renuncia ao mando recóllese nun bando no que xustifica a súa decisión no “estado anárquico” da cidade, segundo el provocado por unha “turba de revoltosos” que teñen “intranquilos los ánimos de sus honrados habitantes”

Deste xeito, toma o mando da cidade a máxima autoridade militar que lanza un novo bando no que decreta a Lei Marcial e asume todos os poderes. Tamén ordena a saída de tropas de infantaría e cabalaría dos rexementos Galicia e Zamora, que comezan a patrullar pola cidade “sable en mano”, xunto coas forzas da Garda Civil, Carabineiros e policía municipal.

Respondendo ao chamado do Comandante Marítimo, dous buques da Armada con base no porto de Ferrol saen con destino á cidade: en primeiro lugar, o destrutor “Audaz” e máis tarde o canoneiro-torpedeiro “Osado” con forzas de mariñeiría e un grupo de desembarco de infantaría de mariña, aínda que a fragata “Numancia” tamén se encontraba preparada para achegarse ao porto coruñés.

O comandante do “Osado” baixou a terra para se poñer ás ordes do Xeneral Lachambre. Os buques militares fondean fronte ao Parrote, onde se atopaba a cárcere, xunto ao edificio da Capitanía, sendo apupados tanto polos presos como polas mulleres que se atopaban na zona e na praia próxima, xunto a Porta do Calvo.

O Xeneral Lachambre proclama a Lei Marcial e declara o Estado de Guerra na cidade. En Madrid, o ministro da Guerra Weiler telegrafía a Lachambre para dar ordes “muy severas para que el bando militar se cumpliera con todo rigor”. O ministro de Gobernación da resposta ao telegrama de protesta das sociedades obreiras, xustificando o uso da forza por parte da Garda Civil.

MANIFESTACIÓN OBREIRA

Coa declaración da Lei Marcial mediante o “enérgico bando” do Xeneral Lachambre, a manifestación e o mitin previstos dende a noite anterior polas Sociedades Obreiras parecían estar condenados ao fracaso, pero ás tres da tar-



de, dende o local da Sociedade de Carpinteiros parte unha manifestación espontánea duns catro milleiros de obreiros e obreiras, con destino ao Cemiterio de Santo Amaro onde agardaba outra multitude de persoas para acompañar na súa derradeira viaxe ao compañeiro falecido a tarde anterior polos disparos dos gardas.

A pesar da abafante presenza policial e militar nas rúas e a grande multitude concentrada no sepelio, non se produzo ningún incidente nin enfrontamento. Logo do ente-

ro de Mauro Sánchez, os manifestantes regresan polo mesmo camiño cara o centro da cidade, tamén sen incidentes, arredor das cinco da tarde.

Nese momento, forzas militares están a colgar o bando militar por diferentes puntos da cidade. Segundo establecía a lei vixente, dende a publicación do bando e a declaración de lei marcial habería un prazo de dúas horas para a súa entrada en vigor e a posibilidade de disolver pola forza calquera concentración de persoas no espazo público. Sen embargo, parece que o paro, secundado masivamente polos tipógrafos, dificultou a súa impresión e difusión, e mesmo algunhas fontes falan de que algunhas copias do bando tiveran que ser manuscritas. Malia o retraso e sen cumprir os prazos legais, soldados de infantaría e cabalería dos Regimientos Galicia e Zamora, comezaron tamén a patrullar as rúas “prohibiendo los grupos que se forman”.

Unha sección da Garda civil, ao mando do tenente Pedro Vázquez era a encargada desta tarefa polas rúas do centro da cidade, con grande parafernalia pois ían acompañados “por el toque de las trompetas y tambores”.

Cando os gardas estaban a chegar fronte ao “Sporting Club” (na entrada da Rúa Real), unha multitude ategaba as rúas e moitos dos que tiñan participado na manifestación obreira estaban a regresar. A fixación do bando foi respondido polos homes e mulleres con berros e algunha pedrada que mesmo alcanzou ao tenente. Nese intre comezaron as cargas e os disparos dunha violenta represión que, en poucos minutos, foi estendéndose ás rúas aledañas.

REPRESIÓN E VIOLENCIA

A multitude tratou de fuxir cara rúa Noa e Santo Andrés, ou ben cara os Cantóns e a Mariña, pero os gardas, “sable en mano, cargaban en distintas direccións”. Co centro da cidade ategado de xente nun venres polo serán, o resultado foi estarrecedor. No “Relleno” (hoxe, xardíns de Méndez Núñez) había na época varios “quioscos” e cafés onde a xente desfrutaba do seu tempo de lecer. Un deles o “Café de Méndez Núñez”, propiedade de José M^a Rodríguez Pardo, tamén propietario do Hotel Palace, o quiosco A Perla, o café Oriental e o restaurante Ideal, todos na mesma zona. Ante as cargas indiscriminadas, moita xente tratou de se refuxiar nos cafés, baixo os seus toldos ou tralos seus vidros, mesmo lanzándose cara o interior a través dos mesmos. Mais as cargas de cabalaría continuaron incluso dentro dos establecementos, como no caso do “Café de Méndez Núñez”, onde un garda entrou a cabalo e a golpe de sable atacou ás persoas alí refuxiadas, deixando varios feridos que foron atendidos no mesmo lugar por un médico que se atopaba no café, o Dr. Rodríguez Rouco.

No punto onde comezaron as cargas, un obreiro moi novo fuxiu por pouco da morte cando trataba de refuxiarse

no interior do “Sporting Club” e na mesma entrada desta sociedade o lintel da porta freou o golpe de sable que, aínda así, prodúzolle importantes feridas.

No Obelisco e rúa Nova, a Garda Civil respondeu aos berros e pedradas con disparos de mauser contra a poboación, “haciendo fuego sobre los grupos que encontraban al paso y les ofrecían resistencia”. Fronte ao Café Cantante, un deses grupos de obreiros foron tiroteados cando se protexían tralo material dunha das obras da zona e respondían aos disparos co lanzamento de pedras.

